

BASES E CONVOCATORIA

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto das axudas será o de apoiar determinadas accións de iniciación e consolidación da investigación por parte dos investigadores pre- e pos-doutorais do IDEGA.

SEGUNDA. Características das axudas

Tipo 1. Mobilidade internacional de estudiantes de doutoramento (para obter a mención internacional): financiaranse os custes de desprazamento e aloxamento das mobilidades de investigadores en formación do IDEGA que aspiren a obter a mención internacional no seu título de doutor realizadas antes do 30 de novembro de 2025, ata un máximo de 1.000€ por mes de estadía no estranxeiro.

Tipo 2. Mobilidade internacional de persoal investigador posdoutoral: financiaranse os custes de desprazamento e aloxamento das mobilidades de persoal investigador posdoutoral do IDEGA realizadas antes do 30 de novembro de 2025, ata un máximo de 1.000€ por mes de estadía no estranxeiro.

TERCEIRA. Requisitos das persoas beneficiarias

Poderán acceder a solicitar as axudas do Tipo 1 os/as investigadores en formación do IDEGA, e as axudas de Tipo 2 os investigadores pos doutorais vincellados ao IDEGA como investigadores non permanentes.

CUARTA. Criterios de adxudicación das axudas

O crédito asignado para esta convocatoria é de 6.000€ para cada un dos tipos de axudas. Se o conxunto do financiamento solicitado para algún dos dous tipos de axuda excedese esta cantidade, empregaránse de forma secuencial os seguintes criterios para determinar a adxudicación das axudas:

1. Non conceder máis dunha axuda a membros dun mesmo grupo de investigación.
2. Priorizar as axudas a investigadores que non tivesen disfrutado das mesmas en anos anteriores.
3. Prorratear a contía das axudas entre as solicitudes restantes.

QUINTA. Presentación de solicitudes

A presentación de solicitudes farase no correo idega@usc.gal, achegando a seguinte documentación:

- Memoria da mobilidade a realizar, especificando a súa motivación, unha breve descripción das actividades a realizar e un orzamento detallado dos gastos de viaxe e aloxamento.

SEXTA. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes rematará **o día 20 de xuño de 2025.**

SÉTIMA.- Proposta de resolución

A Dirección do Centro formulará a proposta de resolución que se publicará **antes do 15 de xullo de 2025**, amais de informar por correo electrónico aos solicitantes. Os solicitantes poderán presentar solicitude de revisión da proposta de revisión mediante correo electrónico enviado a idega@usc.gal no prazo de 3 días hábiles contados dende o día seguinte da publicación da resolución na página web do IDEGA.

OITAVA. Resolución, notificación e réxime de recursos

A Dirección do IDEGA ditará a resolución que poña fin ao procedemento nun prazo máximo de quince días contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, e comunicarase de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro. A falta de resolución e notificación no prazo sinalado dará lugar a que se entanden desestimadas as correspondentes solicitudes.

De conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, contra a resolución de concesión ou denegación que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición.